



XUNTA DE GALICIA

ACORDO MARCO ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PACTO LOCAL EN MATERIA DE EDUCACIÓN EN RELACIÓN COS CENTROS PÚBLICOS INTEGRADOS.

En Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro de 2008, na sede da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sita no edificio administrativo de San Caetano,

REUNIDOS

Dunha parte, a Sra. conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Dona Laura Sánchez Piñón, actuando no nome e en representación da consellería, de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei /1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro

Doutra, o Sr. presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, Don Carlos A. Fernández Castro, actuando en nome e representación da Federación Galega de Municipios e Provincias, en virtude das facultades conferidas polos artigos 44 e 46.1 dos estatutos da entidade.

EXPOÑEN

1º.- Que o 20 de xaneiro de 2006 asinouse o acordo entre a Xunta de Galicia e Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) polo que se establece o contido e desenvolvemento do pacto local que rexerá na Comunidade Autónoma Galega.

2º.- No punto I.E) do devandito acordo contémplase a creación dunha comisión Mixta paritaria entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a FEGAMP encargada de elaborar propostas con relación ás fórmulas que permitan que a Xunta de Galicia asuma os custos económicos que soportan os concellos derivados do mantemento dos centros escolares.

3º.- Que con data 15 de marzo de 2006 quedou constituída esa Comisión Mixta, integrada por cinco representantes da Consellería e cinco representantes da FEGAMP.

4º.- Que na reunión mantida o 28 de xullo de 2006 a Comisión Mixta inicia o estudio dos gastos a que se fa referencia no Acordo de desenvolvemento do



XUNTA DE GALICIA

Pacto Local, co obxecto de formular unha posterior proposta, concluíndo o proceso de estudo e debate nas conclusións acadadas con data 26 de maio

de 2007 que agora se pretenden formalizan, no relativo a asunción de competencias en materia de mantemento (limpeza) dos Centros Públicos Integrados (CPIs).

5º.- Constitúe obxecto e finalidade do presente, establecer o marco que permita a posterior adhesión dos concellos interesados ao convido polas partes , co ánimo de establecer as bases de colaboración económica interadministrativa na materia.

Polo indicado, as partes asinantes recollen neste acordo as propostas formuladas pola Comisión Mixta Paritaria anteriormente referida, e con base nas mesmas, pactan, conveñen e outorgan as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- A partir do 1 de xaneiro de 2008, finalizada a vixencia do actual convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a FEGAMP para o mantemento dos CPIs, (centros públicos integrados) a 31 de decembro de 2007, será a Consellería de Educación a que asuma os gastos derivados do servizo de limpeza dos citados centros, cando os mesmos se veñan prestando mediante a súa contratación cunha empresa de servizos, previa adhesión do respectivo concello a este acordo marco.

Segunda- O presente acordo marco non afectará ao persoal subalterno ou doutro tipo, dependente dos concellos que preste servizos nos centros docentes, seguirá desempeñando as mesmas funcións que xa ten encomendadas e seguirá dependendo laboralmente do concello respectivo.

Terceira- No que atinxe ás obras de reparación, conservación e mantemento estas son responsabilidade cada concello que as debe realizar nos centros de ensino que del dependa. Entre elas se conta, as que de seguido se enumeran só a modo de exemplo:

- Interior: pintura, reparación de carpintería, reposición de portas e outros elementos de carpintería, manillas de portas, cristais rotos, reposicións de bombillas, fallos de electricidade, roturas de tubarias tanto sanitarias como de calefacción ou fecais, fallos no funcionamento da caldeira, limpeza de fregaderos sépticas, etc.

- Exterior: goteiras no tellado, limpeza e reposición de canalóns e baixantes; pintura, reposición de cristais, limpeza e axardinamento de zonas exteriores e depósitos de xogos, conservación e reposición de xogos





XUNTA DE GALICIA

para alumnos de infantil, desatascamento de conducións de augas, conservación dos peches perimetrais e das portas de acceso de modo que se impida o libre acceso dende ou para o exterior, etc.

Cuarta.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria promoverá a adopción dun acordo polo Consello da Xunta, nos seguintes termos que se sinalan a continuación:

1.- Aceptar a proposta da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, con efectos do día 1 de xaneiro de 2008 e logo do acordo cos concellos interesados, de tomar o seu cargo como servizo propio os de limpeza dos inmobles de titularidade municipal adscritos ao servizo público educativo , que constitúen os centros públicos integrados (CPIs), cando os citados traballos veñan sendo prestados mediante empresas contratadas ao efecto polos respectivos concellos.

2.- O presente acordo non afectará á prestación dos servizos de limpeza dos CPIs cando os mesmos sexan realizados por persoal, funcionario ou laboral, integrado nas correspondentes relacións de postos de traballo ou cadros de persoal do respectivo concello.

3.- Acepta a proposta da consellería de Educación e Ordenación Universitaria a realizar as operacións necesarias para subrogarse na posición contractual, e consecuentemente, nos dereitos e obrigas dimanantes dos correspondentes contratos administrativos de servizos, que teñan por obxecto exclusivo as operacións asociadas á limpeza dos inmobles de titularidade municipal, que conforman os centros públicos integrados, que se atopen vixentes a 1 de xaneiro de 2008 e polo período que reste para a extinción da súa vixencia.

4.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, previos os trámites administrativos oportunos, procederá a contratación dos servizos de limpeza dos centros públicos integrados, coa antelación necesaria á extinción dos contratos vixentes ao tempo da subrogación, así como naqueles supostos nos que, non atopándose en ningunha das situación sinaladas, carezan do servizo de limpeza.



abono dos servizos anteriores ao día 1 de xaneiro de 2008, será en todo caso responsabilidade do respectivo concello, sen que a Xunta de Galicia asuma responsabilidade algúnhia por razón da subrogación referida.

Quinta- Adherido o concello interesado ao acordo marco deberá notificar ao contratista que a partir do 1 de xaneiro de 2008 a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria se subroga no correspondente contrato.





XUNTA DE GALICIA

Sexta.- Para o seguimento do grao de execución do presente convenio, e a solución de controversias que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión paritaria integrada polos seguintes representantes das partes:

- Dous representantes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.
- Dous representantes da Federación Galega de Municipios e Provincias.

Todo isto enténdese sen prexuízo da competencia do orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

Sétima.- Os concellos que queiran adherirse ao presente acordo marco deberán facelo durante o primeiro trimestre do ano 2008.

Oitava.- O presente acordo marco ten carácter indefinido sen prexuízo da posibilidade de denuncia por calquera das partes con unha antelación dun mes.

Novena.- A eficacia do convenio marco está condicionada a aprobación polo Consello da Xunta do acordo ao que se fai referencia na cláusula cuarta do mesmo.

Décima.- O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 3 da Lei de contratos e administracións públicas e demais normativa de aplicación en materia de contratos.

En proba de conformidade, as partes asinan o presente en duplicado exemplar e a un só efecto.





XUNTA DE GALICIA

CONVENIO-MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN RELACIÓN COS GASTOS DE LIMPEZA DOS CENTROS PÚBLICOS INTEGRADOS

En Santiago de Compostela a 6 de outubro do dous mil oito

REUNIDOS

Dunha parte, a. Sra. Dona. Laura Sánchez Piñón, conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do disposto no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia (*DOG do 21 de marzo*) e do artigo 1 do Decreto 585/2005, do 29 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (*DOG do 9 de xaneiro de 2006*), ten atribuídas as competencias en materia de educación.

Doutra, o Sr. D. Carlos A. Fernández Castro, Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, que actúa en representación desta en virtude do disposto nos artigos 44 e 46.1 dos seus Estatutos.

Ámbalas dúas partes interveñen en nome das institucións que representan, no exercicio das facultades que ostentan polos seus cargos e recoñéccense mutuamente a capacidade legal para o outorgamento e sinatura do presente convenio e





XUNTA DE GALICIA

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.-

Que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de acordo co establecido no artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, e no artigo 1 do Decreto 585/2005, do 29 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (*DOG do 9 de xaneiro de 2006*), ten atribuídas as competencias en materia de educación.

SEGUNDO.-

Que os concellos, de conformidade co disposto no artigo 25.2 n) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (*BOE do 3*) exercen competencias, no termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras materias, no relativo á programación da ensinanza, e cooperan coa administración educativa na creación, construcción e sostemento dos centros docentes públicos.

Que, así mesmo, o artigo 80.2 n), da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (*DOG do 5 de agosto*), reproduce integralmente o contido do citado precepto da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

TERCEIRO.-

O parágrafo segundo da disposición adicional décimo quinta da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece que a conservación, o mantemento e a vixilancia dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil, de



XUNTA DE GALICIA

educación primaria ou de educación especial, corresponderán ao municipio respectivo. Estes edificios non se poderán destinar a outros servizos ou finalidades sen autorización previa da Administración educativa correspondente.

Non obstante anterior a citada norma prevé, igualmente, que as administracións educativas poderán establecer procedementos e instrumentos para favorecer e estimular a xestión conxunta coas administracións locais e a colaboración entre centros educativos e administracións públicas e no que se refire ás corporacións locais, estableceranse procedementos de consulta e colaboración coas súas federacións ou agrupacións máis representativas.

CUARTO.-

Que a Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante FEGAMP) é o órgano institucional que, segundo os seus Estatutos constitutivos, representa e defende os intereses das entidades locais asociadas.

Así mesmo, de acordo coa disposición transitoria terceira da citada Lei 5/1997, do 22 de xullo, a FEGAMP está recoñecida polos concellos como a entidade asociativa máis representativa e maioritaria, e que ten as facultades establecidas nesa lei e as derivadas da súa representatividade.

QUINTO.-

Que en 20 de xaneiro de 2006 asinouse o acordo entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) polo que se establece o





XUNTA DE GALICIA

contido e desenvolvemento do pacto local que rexerá na Comunidade Autónoma Galega.

SEXTO.-

Que na cláusula 1 E) do devandito acordo contemplase a creación dunha comisión mixta paritaria encargada de elaborar propostas con relación ás fórmulas que permitan que a Xunta de Galicia asuma os custos económicos que soportan os concellos derivados do mantemento de certos centros escolares

SÉTIMO.-

Que con data 15 de marzo de 2006 quedou constituída esa Comisión Mixta, integrada por cinco representantes da Consellería e cinco representantes da FEGAMP.

OITAVO.-

Que na reunión mantida en xullo de 2006 a Comisión Mixta inicia o estudo dos gastos a que se fai referencia no Acordo de desenvolvemento do Pacto Local, co obxecto de formular unha posterior proposta, rematando o proceso de estudo e debate coas conclusións acadadas con data 26 de maio de 2007, no relativo a asunción de competencias en materia de gasóleo de calefacción de CEIPs e CPIs e limpeza dos CPIs.





XUNTA DE GALICIA

NOVENO.-

A partir do 1 de setembro de 2007 a Xunta de Galicia asumiou os gastos derivados da subministración do gasóleo de calefacción dos CEIPS, e idénticos gastos respecto dos CPIS, dende 1 e xaneiro de 2008.

DÉCIMO.-

En data 9 de xaneiro de 2008 asinouse un acordo marco entre a Consellería de Educación e a FEGAMP para o desenvolvemento do pacto local en materia de educación, acordando que a partir do 1 de xaneiro de 2008, sería a Consellería de Educación a que asumiría os gastos derivados do servizo de limpeza dos Centros Públicos Integrados, cando os mesmos se viñesen prestando mediante a súa contratación cunha empresa de servizos, previa adhesión do respectivo concello ao citado acordo marco.

UNDÉCIMO.-

Toda vez que os concellos que se identifican no Anexo deste Convenio non se adheriron ao Acordo Marco, asinado coa FEGAMP o 8 de xaneiro de 2008, as partes signatarias do presente conscientes da importancia que para o desenvolvemento do sistema educativo ten a actuación coordinada de ámbalas dúas administracións públicas e coincidindo na conveniencia de xunta-los seus esforzos na procura da optimización do uso dos medios materiais e da eficacia na xestión deles, manifestan a súa vontade de subscribi-lo presente convenio, coas seguintes





XUNTA DE GALICIA

CLÁUSULAS

Primeira.- OBXECTO DO CONVENIO.

O presente convenio ten por finalidade fixar a distribución das obrigas económicas da administración educativa e das corporacións locais nos gastos de limpeza dos Centros Públicos Integrados de Galicia que se detallan no anexo I, cando este servizo se asume e presta polo respectivo concello.

A individualización e pormenorización de tales obrigas formalizarase no correspondente documento de adhesión, asinado polo concello afectado e pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de conformidade co preceptuado na disposición adicional décimo quinta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE 307 do 24 de decembro) e no Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias (DOG do 26).

Segunda.- ACHEGAS ECONÓMICAS.

En cumprimento das previsións legais establecidas ao efecto a administración educativa achegará a cada concello no ano 2008, o importe que se establecerá no correspondente convenio específico de adhesión a este convenio marco, destinado a cofinanciar o custe do servizo de limpeza dos CPIs.

As corporacións municipais encargaránse da xestión, control e pagamento de tales servizos.





XUNTA DE GALICIA

Terceira.- NATUREZA DAS ACHEGAS ECONÓMICAS.

A participación económica correspondente á administración educativa, terá a consideración de subvención directa pola especificidade das características que debe cumplir a entidade beneficiaria (concellos) e a actividade ou destino da subvención, polo que o presente se tramita ao abeiro dos artigos 19.4 e 26 da lei 9/2007, do 7 de xuño de Subvencións de Galicia.

A totalidade dos concellos que se atopan na situación descrita na cláusula primeira resultarán beneficiarios do presente Convenio.

Cuarta.- COMISIÓN PARITARIA DE INTERPRETACIÓN E SEGUIMENTO.

Para a coordinación, o seguimento e interpretación das actuacións derivadas deste convenio, crearase unha comisión mixta que estará integrada polos seguintes membros:

- Tres representantes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Tres representantes dos concellos (un por cada categoría de municipios), designados pola FEGAMP.
- A presidencia desta comisión de seguimento será desempeñada pola persoa nomeada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de entre os membros que a componen.





XUNTA DE GALICIA

Quinta.- PROCEDEMENTO DE ADHESIÓN E EFECTOS.

A adhesión dos concellos a este convenio marco realizarase mediante o acordo do órgano de governo municipal competente, o cal unha vez adoptado será dirixido á FEGAMP, quen o trasladará á Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Posteriormente, as dúas administracións públicas interesadas asinarán o correspondente convenio específico de adhesión no que se indicará o importe da axuda que outorgará á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Este convenio específico xuntarase como anexo particularizado a este convenio - marco.

Sexta.- VIXENCIA DO CONVENIO, DENUNCIA E CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2008.

A denuncia do convenio, por calquera das partes, deberá realizarse mediante comunicación escrita e motivada dirixida á comisión de seguimento.

Serán causas de resolución:

- A) O remate do prazo previsto para a súa vixencia
- B) A denuncia formal e motivada de calquera das partes.
- C) O incumprimento das obrigas derivadas deste convenio - marco.
- D) O mutuo acordo entre as partes asinantes do convenio.





XUNTA DE GALICIA


Sétima.- RÉXIME, NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN COMPETENTE.

En atención á natureza o réxime xurídico do presente vén determinado pola súa propia normativa específica, de acordo co disposto no artigo 4, apartado 1.d) e 2, da Lei 30/2007, do 30 de Outubro, de contratos do Sector Público , que o exclúe do seu ámbito de aplicación, sen prexuizo da aplicación dos principio desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste documento, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir nas súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso- administrativa.



En proba de conformidade, asinan este convenio, por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Consellería de Educación e
Ordenación Universitaria



Laura Sánchez Piñón

Pola Federación Galega de Municipios e
Provincias


Carlos A. Fernández Castro




XUNTA DE GALICIA

ANEXO

CONCELLO	ANEXO
	CPI
ARES	CPI CONDE DE FENOSA
BERGONDO	CPI DE CRUZ DO SAR
BOQUEIXÓN	CPI ANTONIO ORZA COUTO
CARRAL	CPI VICENTE OTERO VALCÁRCEL
CERCEDA	CPI O CRUCE
DODRO	CPI EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN
FENE	CPI A XUNQUEIRA
MAZARICOS	CPI DA PICOTA
MESÍA	CPI DE XANCEDA
MONFERO	CPI VIRXE DA CELA
PINO, O	CPI CAMIÑO DE SANTIAGO
PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, AS	CPI MONTE CAXADO
ROIS	CPI DOS DICES
SADA	CPI O MOSTEIRÓN
VAL DO DUBRA	CPI DE BEMBIBRE
VEDRA	CPI DE VEDRA
BARALLA	CPI LUIS DÍAZ MORENO
CASTROVERDE	CPI DE CASTROVERDE
CERVANTES	CPI DE CERVANTES
COSPEITO	CPI VIRXE DO MONTE
FOLGOSO DO C.	CPI DE SEOANE
GUNTÍN DE PALLARES	CPI TINO GRANDÍO
PEDRAFITA DO C.	CPI UXÍO NOVONEIRA
TABOADA	CPI SAN TOMÉ DE CARBALLO
CARBALLEDA DE VALDEORRAS	CPI TOMÁS TERRÓN MENDAÑA
CASTRO CALDELAS	CPI VIRXE DOS REMEDIOS
COLES	CPI ANTONIO FAILDE
GUDIÑA, A	CPI LAUREANO PRIETO
MASIDE	CPI DE MASIDE
PADRENDA	CPI DE PADRENDA-CRESPOS
RIBADAVIA	CPI TOMÁS DE LEMOS
SAN CRISTOVO DE CEA	CPI VIRXE DA SALETA
CAÑIZA A	CPI DA CAÑIZA
PAZOS DE BORBÉN	CPI CURROS ENRÍQUEZ
PONTECESURES	CPI DE PONTECESURES
PORTAS	CPI DOMINGO FONTÁN
RIBADUMIA	CPI JULIA BECERRA MALVAR
ROSAL, O	CPI MANUEL SUÁREZ MARQUIER
VILABOA	CPI DO TOURAL